

Relacións escola-familia: Na procura dunha comunicación eficaz. CFR-Coruña. 24/04/2018

Póster 1. Presentación.

Parece que todos estaríamos de acordo en afirmar que as relacións entre a escola e a familia son necesarias para chegar a alcanzar un dos obxectivos fundamentais da institución escolar: o progreso dos alumnos e, en consecuencia, o progreso da sociedade.

Baixo o título “Relacións escola-familia” poderíamos abordar moitísimos aspectos pero neste caso a proposta é centrarnos nun dos puntos que poden resultar máis conflictivos: comunicación”. Parece que estamos inmersos nunha sociedade que nos proporciona os medios e as ferramentas para ter a maior comunicación e a máis rápida entre a escola e a familia. Sen embargo, algo debe ocorrer para que esteamos a falar de como conseguir unha comunicación eficaz, unha comunicación que consiga o efecto esperado.



P1



P2

Póster 2.

No Plano Formal, parece que esteamos nun sistema educativo que arbitra os canles para que a participación das familias na escola sexa posible. Ao marxe das discusións que aos que traballamos en educación nos gusta ter cada vez que se implanta unha reforma educativa sobre se tal lei ou tal outra dá ou resta protagonismo ás familias na escola, está claro que as familias están presentes nos diversos niveis de organización e xestión da mesma: nos Consellos Escolares, organizados en Asociacións ou participando nas accións grupais e individuais que se propoñen dende a Titoría.

Está claro que as nosas leis recoñecen que a implicación das familias está relacionada coa calidade e xa vimos como se traduce no plano formal do funcionamento dunha escola pero compre preguntar se isto é así no plano real.


Póster 3

No Plano Real, non podemos pensar quen ten máis peso, que ten maior poder de decisión,a educación dos rapaces é unha tarefa común, para todos os membros da Comunidade Escolar, que esixe “Corresponsabilidade”.

Como docentes e coñecedores de isto, temos que ser conscientes de que o progreso da sociedade vai depender do progreso de cada alumno e iso estará vinculado a que traballemos nunha mesma dirección coas familias. Para conseguir esa “corresponsabilidade activa” temos que exercer o liderazgo e deseñar fórmulas que nos permitan acadar unha cooperación produtiva.



P3




P4

Póster 4

Con este póster , damos entrada a un dos problemas máis importantes cos que nos atopamos na procura dunha comunicación eficaz. A necesidade de coñecer en profundidade o contexto no que traballamos para fixar unhas adecuadas liñas de actuación así como das actividades que propoñemos.

Breve percorrido pola miña traxectoria profesional para explicar que as liñas de actuación que foron exitosas nun contexto pódense converter nunha experiencia profesional negativa. Por exemplo, propoñer a un alumno acollerse a uns estudos de Formación Profesional pode ser unha decisión máis ou menos exitosa, en función do nivel social, económico e cultural da súa familia así como das expectativas que teñan sobre o seu fillo/a.

Pósters 5 e 6.



P5



P6

Plantéxase a necesidade de revisar os modelos teóricos para ver diferentes propostas que guíen as liñas de actuación no referido a canalizar as relacións escola-familia .

Apóstase polo modelo da americana Yoice Epstein. Esta autora contempla a familia, a escola e a comunidade como tres esferas superpostas que inflúen nas aprendizaxes. Canta maior sexa a interacción entre ditas esferas, maior será a probabilidade de que o alumnado reciba mensaxes comúns e coherentes sobre a importancia da educación. As prácticas para mellorar a relación das escolas-familia deben de guiarse por unha serie de principios. Un dos máis importantes sería ir máis alá do ca autora denomina “involucramento parental” para buscar “alianzas” entre as familias, as escolas e a comunidade, para poñer de manifesto que no que se refire a educación dos nenos hai moitas responsabilidades compartidas.

Póster 7.

Liñas de actuación deste modelo aplicadas ao traballo dun Departamento de Orientación.


–Trabállase de maneira activa para conseguir a “implicación” de todas as familias, esquecemos quedarnos en “participación”. Dicimos todas porque temos que guiarnos polo principio de “equidade”, tendo presente que todo o que facemos ten como obxectivo axudar aos estudantes a ter éxito.

–Intentaranse desenvolver accións que implican ás familias nos diferentes ámbitos que abrangue a Orientación Educativa: o proceso de ensino-aprendizaxe, o Plan de Acción tutorial e o Programa de Orientación Académico-Profesional.

-Traballaremos para motivar a todos os membros da Comunidade educativa nun mesmo programa, práctica, actividade,...

-Deseñar medidas que non alcancen ao alumnado senón ao sistema familiar por completo. Dificilmente podo conseguir que un alumno sexa xeneroso se a súa familia non o é.

– A calidade por riba da cantidade.



P7

Póster 8

Estratexias de comunicación para gañar. Os debuxos representan as estratexias que debemos utilizar na comunicación centro-familia: A compás indica que temos que traballar na mesma dirección, na procura de metas similares; os emoticonos e as mans entrelazadas representan a empatía, a confianza e a cordialidade e a balanza a necesidade de establecer unha relación de iguais, de colaboración, de respecto total, de atopar o equilibrio da balanza.



P8



P9


Póster 9.

Os canles de comunicación que utilizamos están representados nunha pirámide. Na base dela, damos prioridade aos canles presenciais, ao cara a cara. Nun nivel superior acollémonos a todas as ferramentas que nos proporciona a tecnoloxía (teléfono, correo electrónico, sistemas informáticos de xestión, blogs, web do centro, apps, ...) e, por último outros medios que quizais xa están máis obsoletos como as "circulares", o correo postal.


É importante que estes canles de comunicación garantan a bidireccionalidade na comunicación (de non cumprirse este criterio a comunicación non vai a ser eficaz ou incluso podemos conseguir efectos non desexados). Tamén é importante coñecer o que queremos comunicar. Por exemplo: unha falta por un incumprimento de un deber ou por unha conducta pouco axeitada e mellor comunicala de maneira presencial, evitaremos malos entendidos e garantiremos a bidireccionalidade.; un aviso sobre a apertura dun prazo para solicitar unha axuda pode darse por unha vía tecnolóxica.

Póster 10, 11 e 12.

Abordamos neste intre da intervención o desenvolvemento dun par de actividades dentro dos ámbitos que abrangue a Orientación: Carreira de la Luz, en evento deportivo e solidario dentro do Plan de Acción Titorial que ten por obxecto o fomento de valores como a cooperación, a xenerosidade, a comprensión doutras realidades e Exporienta, actividade encadrada no Plan de Orientación Académico-Profesional. Ambas actividades teñen en común que para o seu desenvolvemento é necesario a implicación das familias.



P10



P11



P12

Póster 13.



Pero non só hai que deseñar actuacións, é importante loitar contra os elementos negativos, aqueles que son contraproducentes ou empeoran as relacións e para iso é necesario avaliarnos

P13

Pósters 14 e 15

A poster with a dark green background and red accents. At the top, it says "AVALIAMOS" in small red letters and "REVISAMOS" in large white letters. Below that, "COMO DOCENTE" is written in red. The main text is in white: "Utilizo a empatía e o respecto na comunicación?" followed by several horizontal lines for writing. Below that, "Coñezo o rol que desexo que teñan as familias?" is followed by more horizontal lines. The poster has a decorative border of small red dashes.A poster with a dark green background and red accents. At the top, it says "AVALIAMOS" in small red letters and "REVISAMOS" in large white letters. Below that, "COMO NAI/PAI" is written in red. The main text is in white: "Confío na profesionalidade do Equipo docente?" followed by horizontal lines. Below that, "Qué tipo de linguaxe utilizo na comunicación co centro?" followed by horizontal lines. Below that, "Implicome na educación do meu fillo/a ao longo do seu paso polas diferentes etapas educativas?" followed by horizontal lines. The poster has a decorative border of small red dashes.

Como docente teño que avaliar se utilizo a empatía e o respecto na comunicación coas familias; son quen de comprender as súas necesidades, podo imaxinar como se sinte

a nai ou o pai dun alumno de necesidades educativas, etc.

Tamén debemos preguntarnos que rol quero que exerzan os pais. A implicación das familias na escola as veces foi mal entendida por parte dalgúns docentes que pretenden que os pais sexan os mestres na casa, axuden aos seus fillos a facer deberes ou rematar tarefas que en clase non dou tempo.

Temos que replantexarnos os motivos polos que as veces as familias non queren participar de xeito activo na escola.

As familias deben de “confiar” na profesionalidade dos docentes e implicarse ao longo de todos os niveis educativos

Póster 16

Finalízase a intervención con algunhas propostas de mellora debatibles feitas por membros da ANPA Miguel Hernández.

